



Vaqueiro busca lector, tan activo como o novelista

“...pasando Maiakovski a postular o imperio da materia sobre todas as cousas, porque a materia enxendrou o Universo e as criaturas que dentro dos seus límites, os do Universo, suposto que o Universo teña límites, pervagan, abranxendo a noción de criatura a crianzas e adultos, mais tamén a palmípedos e seres insectívoros, aerólitos, cavorcos, raios gamma, enxurradas, gramíneas, fumas, vulcáns, sonetos, praias, mitocondrias, Adrián Solovio, Aquiles, Oliveira e a Mafa, melodías abxectas e crimes execrábeis, como os que Herminio Rotea executaba sobre os pequenos animais do contorno, seguía o testemuño de Antón Pousa, contido nunha libreta de capas verdeais e xaspeadas, que eu reinterpretó, copio, traduzo e traizoo, como é a miña obriga de traidor rigoroso”. Será, se cadra, Víctor Vaqueiro ese traidor rigoroso que volve en *Os nomes da morte* (Galaxia, 2002) sobre a morte de Herminio Rotea, un galego emigrado no Brasil: feito arredor do cal xira esta novela, que se vai construíndo mediante os testemuños que deitan sobre o finado aqueles que o coñeceron. Este é o punto de partida dunha novela que, como quería Cortázar, apunta á creación “dun lector tan activo e batallador como o propio novelista”. “A renovación formal da novela –para empregar os seus termos– debe apuntar á creación dun lector tan activo e batallador como o novelista mesmo, dun lector que faga fronte cando sexa necesario, que colabore coa tarefa de estar cada vez máis tremendamente vivo e descontento”, recorda Vaqueiro nesta cita de ‘O escaravello de ouro’ do propio Cortázar. E con Cortázar, Sam Peckinpak, Maiakovski ou Günter Grass nunha novela cos nomes da morte.